

ACTA

Cabeceira impresa

ACTA DA SESIÓN DO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DA EMPRESA MAVEIRAS

Lugar: domicilio social de Maveiras

Data: 2 de maio de 2009

Hora de comezo: 19.00 h

Hora de remate: 20.30 h

Asisten:

Anxos Leira Vilar, presidenta

Manuel Maneira Fernández, secretario

Xulia Vidal Lousame

Carlos Bieito Senén

Manuel Outeiro Iglesias

Non asisten:

Carme Prego Pousa

Xosé Araújo Guerra

Desculpan a súa asistencia:

María Lameiro Fernández

Telmo Seivane Rei

John Foxter

Orde do día:

- 1 Aprobación da acta da sesión anterior
- 2 Presentación das avaliacións e propostas de mellora do Plan de prevención de riscos laborais.
- 3 Quenda aberta de intervencións

Desenvolvemento e acordos:

Apróbase por asentimento a acta da sesión do 21 de abril.

Entra na xuntanza X. Carreira en calidade de responsable da coordinación do Plan de prevención de riscos da entidade.

X. Carreira presenta a avaliación e fai as seguintes propostas:

Establecer prioridades e prazos.

Implicar todo o conxunto do cadro de persoal no proceso.

M. Outeiro fai unha proposta de prioridades consistente en comezar pola renovación do mobiliario defectuoso e revisar a seguridade do sistema informático.

X. Vidal propón elaborar un calendario de accións para avaliar na próxima sesión.

Acórdase, finalmente, a realización dun calendario que será aprobado na próxima reunión e que se realizará tendo en conta as achegas de todos os departamentos.

Sen máis asuntos que tratar, a presidenta remata a sesión da que estendo esta acta como secretario.

O secretario



Manuel Maneira Fernández

Visto e prace
A presidenta



Anxos Leira Vilar